



JSON do estado actual dos concellos de Galicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para o estado actual (temperatura e vento) dos concellos de Galicia a través da ligazón:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/observacionConcellos.action>

1 Introducción formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por un único par de nome *listObservacionConcellos* cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican cada un dos concellos e aporta información sobre o estado actual meteorolóxico que recolle. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

nomeConcello: Nome do concello.

idConcello: identificador numérico único do concello.

dataLocal: data e hora local da lectura mostrada.

dataUTC: data e hora UTC da lectura mostrada.

icoEstadoCeo: código que fai referencia a unha icona representativa do estado do ceo:

VALOR	SIGNIFICADO
101	Despexado
103	Nubes e claros
105	Cuberto
107	Chuvascos
111	Chuvia
201	Noite despexada
211	Noite con chuvia
-9999	Sen dato

icoVento: código que fai referencia á dirección e intensidade do vento.

¹ Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>

VALOR	SIGNIFICADO
-9999	Sen dato
301	Dirección N, intensidade feble
302	Dirección NE, intensidade feble
303	Dirección E, intensidade feble
304	Dirección SE, intensidade feble
305	Dirección S, intensidade feble
306	Dirección SW, intensidade feble
307	Dirección W, intensidade feble
308	Dirección NW, intensidade feble
309	Dirección N, intensidade moderada
310	Dirección NE, intensidade moderada
311	Dirección E, intensidade moderada
312	Dirección SE, intensidade moderada
313	Dirección S, intensidade moderada
314	Dirección SW, intensidade moderada
315	Dirección W, intensidade moderada
316	Dirección NW, intensidade moderada
317	Dirección N, intensidade forte
318	Dirección NE, intensidade forte
319	Dirección E, intensidade forte
320	Dirección SE, intensidade forte
321	Dirección S, intensidade forte
322	Dirección SW, intensidade forte
323	Dirección W, intensidade forte
324	Dirección NW, intensidade forte
300	Vento variable

(Para calquera dos casos, o valor “-9999” significa que o dato non foi rexistrado.)

sensacionTermica: valor da sensación térmica calculada según o heat index.

temperatura: valor medido da temperatura.

3 Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información para todas os concellos de Galicia.

Para consultar a información dun ou varios concellos concretos pode utilizar o parámetro *idConcello*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores dos concellos que desexe consultar. Si son varios, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todos os concellos pode consultalos no ANEXO I do seguinte documento:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/RSS_ConcellosCPrazo_gl.pdf

Exemplo:

Por exemplo, o concello de A Baña ten o identificador numérico 15007, polo que a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/observacionConcellos.action?idConcello=15007>